



**CONCELLO**  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

**I002**

**U018 Impreso: LICENZA DE PARCELACIÓN**

Selo de rexistro

(art. 16 da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de intervención na execución de obras, actividades ou servizos)

**1. Datos da persoa solicitante ou representante:**

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE: .....  
 Nome e apelidos representante: ..... NIF / DNI / NIE: .....  
 Domicilio: ..... Núm.: ..... Localidade e CP: .....  
 Dirección notificación: ..... Núm.: ..... Localidade e CP: .....  
 Teléfono1: ..... Teléfono2: ..... Correo electrónico: .....

**2. Emprazamento:**

Localización (lugar e parroquia): .....  
 Referencia catastral: .....

**3. Descrición da obra:**

Descrición : .....  
 .....  
 Orzamento: .....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DO REXISTRO TELEMÁTICO DO CONCELLO DE ABEGONDO.

REXISTRO Nº.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE ABEGONDO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXECTO DESTA SOLICITUDE.

VISADO Nº.....

**DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta e que achega a seguinte documentación que acredita:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

**AUTORIZA** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza de obra.

**SOLICITA** a correspondente licenza municipal.

Abegondo ..... de .....de 20.....

Sinatura do/a solicitante Nome .....DNI .....

**ADVRTESELLE QUE** consonte co disposto no parágrafo 5 do artigo 194 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, “ *A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación* ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexulzo das sancións que proceda impoñer por tales feitos”.

Así mesmo, a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Abegondo. En calquera momento poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por medio dunha comunicación escrita no Rexistro do concello.



## DOCUMENTACIÓN XERAL

- Datos identificativos da persoa solicitante:
  - Persoas físicas:
    - DNI (ou documento que faga as súas veces da persoa solicitante ou da representante)
    - As persoas que comparezan ou asinen en representación doutra, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable ante o secretario do Concello)
  - Persoas xurídicas:
    - DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa representante e documentación acreditativa da representación.
    - Escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Escritura pública de propiedade do terreo. Dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.
- Reportaxe fotográfica do solar ou da edificación, subscripta pola persoa solicitante e polo técnico redactor do proxecto. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.
- Oficio de dirección das obras.
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento debidamente cuberto e asinado.
- Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.
- Autorizacións sectoriais previas preceptivas.
- No caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial; declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- En Núcleo Rural Común admítense outros materiais e formas que harmonicen cos valores naturais do núcleo e a paisaxe rural do entorno sendo necesario aportar no proxecto un estudo paisaxístico do ámbito que dé cumprimento aos artigos 346.B e ao 351.B do PXOM e ao artigo 104 da LOUG.
- Resgardo de abono da taxa e imposto por tramitación de expediente de licenza de obras.
- En edificacións con afeccións sectoriais, presentar copia dos informes favorables.
- No suposto de edificación en solo rústico: presentación da autorización autonómica.
- Proxecto en formato papel e dixital, plano de emprazamento, en formato DWG ou DXF xeoreferenciado para realizar as correspondentes comprobacións e incorporación da nova edificación na base cartográfica municipal.

## DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA

- Proxecto (**1 copia en formato papel e outra en dixital**) específico que contará como mínimo os seguintes documentos:
  - Delimitación sobre levantamento topográfico da parcela con altimetría e curvas de nivel cada 50 cm. Das leiras iniciais e finais e cun erro menor do 2,5% e a escala 1/500, mínimo. Os planos deben vir ben acoutados. Este plano deberá recoller elementos físicos existentes tanto na parcela como na fronte e lindeiros tales como rexistros de instalacións, postes, muros ou muretes, bordos, edificacións, farois, noiros, canles, cunetas,... e todos aqueles que sirvan para poder referenciar sobre os terreos as liñas de parcela e aliñacións previstas.
  - Descrición de lindeiros, accidentes, topografía, superficies e demais características das parcelas iniciais e resultantes de forma inequívoca e precisa.
  - Xustificación da parcelación de acordo con plan municipal. A este efecto sinalarase sobre o plano de delimitación as aliñacións definidas polo plan municipal e superficies tanto brutas como netas e de cesión estimada para as vías públicas, das parcelas resultantes. En caso de existir edificacións sobre a parcela xustificarse o cumprimento dos parámetros de ordenanza destas edificacións sobre as parcelas resultantes. As aliñacións estarán referidas aos elementos físicos recollidos no levantamento topográfico de forma que poidan ser comprobadas, in situ.
  - No caso de que existan edificacións, presentarse memoria indicando a superficie construída total e por plantas, superficie ocupada, o número de plantas e a distancia á vía pública e aos lindeiros de cada unha delas.
  - No caso de agrupación e posterior parcelación, presentarse un plano no que se identifique a parcela total da agrupación.
  - Compre presentar o plano de aliñacións sobre a cartografía base do concello (a descargar na páxina web) e indicar as parcelas netas e brutas, tanto inicial coma resultantes.
  - Calquera outra documentación que a normativa urbanística e rexistral o requira.
  - Nas segregacións en solo rústico deberá presentarse xustificación da causa que motiva a mesma seguindo disposto no artigo 206 da LOUG
  - Nas parcelas de concentración parcelaria, admítense os topográficos con aumentos ou defectos de superficie nun 2% tal e como determina o artigo 43 da Lei 10/1985 de agosto de concentración parcelaria de Galicia. Si a diferenza e maior ao 2% permitido, é necesario a incorporación dun informe técnico xustificativo que incorpore ao mesmo un plano no que se superpoñan o plano de concentración e o topográfico identificando a diferenza.

